# LENDAS

## LIBRO DE SAN CIBRAO OU CIPRIANILLO

Dise que circulan dúas edicións: unha portuguesa - Grande Libro de San Cipriano- e unha española. O seu autor é,segundo a tradición, San Cibrao, bispo de Cartago. Está escrito en termos abstrusos e cheo de signos cabalísticos, e mesmo se pode atopar a sinatura do diaño entre outros moitos contidos,como poden ser o achado de tesouros,a utilización de moedas de ouro e prata, de varas máxicas, incenso e pan quente, esconxuros axeitados para cada situación, a representación auténtica do círculo cabalístico e o Triángulo dos pactos ou Triángulo para o desencanto dos tesouros ...

A eficacia do libro aumenta coa idade e coa encadernación, que ha de ser de pergamiño e débese desconfiar dos exemplares recentes ou mal encadernados.É imprescindible que a persoa que efectúe a lectura saiba ler e desler, xa que polo proceso de lectura pode comezar unha as-



censión no aire, que se evitará coa deslectura.Dise que o libro podería atoparse nalgún lugar afastado da Biblioteca da Universidade de Compostela e que está gardado por cadeas e por unha reixa de ferro.

## A COVA DO REI CINTOULO

Cintoulo era un rei con grandes riquezas que gobernaba polas terras de Mondoñedo e tiña unha filla moi fermosa chamada Manfada moi querida por todos os súbditos - tanto nobres coma plebeos-; non só pola súa fermosura senón tamén polas súas bondades. Por isto, o rei recibía moitas visitas de nobres que pretendían casar coa súa filla, que aínda tanto o rei coma ela mesma non tiñan présa por facelo. Todos estes homes que a pretendían eran rudos e pouco nobres. Pero un día chegou un conde que lle encheu o ollo dende o primeiro momento,e a princesa Manfada sentiu latexar o seu corazón cara el. Aconteceu que ao pouco chegou o poderoso rei Tuba cun grande exército coa intención de casar con Manfada, senón asaltaría o castelo e levaríaa pola forza. O conde ofreceuse para defender o rei e mais a princesa e ante isto o rei Tuba, que sabía que estaba en desvantaxe, congregou a todos os seus feiticeiros. Xuntos tramaron un engano para acabar con Cintoulo. A cidade e todo pereceu, aínda que o conde puido atravesar a Tuba coa súa espada. Pero cando volveu ao castelo só atopou unha enorme cova; nin xentes, nin riqueza, nada ...

